Como Tomé

Como Tomé,
tamén eu dubido e pido probas.
Tamén creo no que vexo.
Quero xestos. Teño medo.
Solicito garantías.
Poño moita cabeza e pouco corazón.
Pregunto, aínda que o corazón me di:
"El vive".
Non me lanzo ao camiño sen saber a onde vai.
Quítame o medo e o cálculo.
Quítame a inquedanza e a lóxica.
Quítame o xesto e a esixencia.
Dáme o teu espírito, e que ao descubrirte,
no rostro e o irmán,
moumee, xa convertido:
"Meu Señor e meu Deus".

Domingo 2º de Pascua
12-04-2026

Trae tu dedo, aquí tienes mis manos; trae tu mano y métela en mi costado"

Tomé, desde as súas dúbidas e preguntas dinos: Cristo Vive!

LECTURAS

FEITOS 2, 42-47 ***Os crentes vivían todos unidos e tíñano todo en común.***

SALMO 117: ***Dade grazas ao Señor porque é bo, porque é eterna a súa misericordia.***

I PEDRO 1, 3-9: ***Pola resurrección de Cristo nos fixo nacer para unha esperanza viva.***

XOÁN 20, 19-31: ***Aos oito días, chegou Xesús***

Narrador: Á noitiña daquel día, o primeiro da semana, estaban os discípulos nunha casa, coas portas pechadas por medo aos xudeus. E nisto entrou Xesús, púxose no medio e díxolles:

Xesús: - ***Paz convosco!***

Narrador: E, dicindo isto, ensinoulles as mans e o costado. E os discípulos enchéronse de alegría ao ver o Señor. Xesús repetiu:

Xesús: - *Paz convosco! Como o Pai me enviou, así tamén vos envío eu.*

Narrador: E, dito isto, exhalou o seu alento sobre eles e díxolles:

Xesús: -*Recibide o Espírito Santo; a quen lles perdoes os pecados quedan perdoados; a quen llos reteñas, quedan retidos.*

Narrador: Tomé, un dos Doce, chamado o Xemelgo, **non estaba con eles** cando veu Xesús. E os outros discípulos dicíanlle:

Discípulos: - ***Vimos o Señor.***

Narrador: Pero el contestoulles:

Tomé: - *Se non vexo nas súas mans o sinal dos cravos, se non meto o dedo no buraco dos cravos e non meto a man no seu costado, non o creo.*

Narrador: Aos oito días, estaban outra vez dentro os discípulos e Tomé con eles. Chegou Xesús, estando pechadas as portas, púxose no medio e dixo:

Xesús: - *Paz convosco.*

Narrador: Logo díxolle a Tomé:

Xesús: - ***Trae o teu dedo, aquí tes as miñas mans; trae a túa man e métea no meu costado; e non sexas incrédulo, senón crente.***

Narrador: Contestou Tomé:

Tomé: - *Meu Señor meu Deus!*

Narrador: Xesús díxolle:

Xesús: - *Porque me viches criches? Ditosos os que crean sen ver.*

Narrador: Moitos outros signos, que non están escritos neste libro, fixo Xesús á vista dos discípulos. **Estes escribíronse para que creades** que Xesús é o Mesías, o Fillo de Deus, e para que, crendo teñades vida no seu nome.

Palabra do Señor

(Narrador-Xesús-Discípulos-Tomé)



DOMINGO 2º DE PASCUA

Tomé, desde as súas dúbidas e preguntas

Dinos: Cristo Vive!

1. VER: Confiamos en moitas persoas

- Ao longo do día fiámonos de moitas persoas que nos serven os que necesitamos: os iogures, o pan, o café, os flocos de millo, o garda que regula o tráfico…
- Dos amigos verdadeiros fiámonos, confiamos neles, non poñemos en dúbida nada dos que nos din. O mesmo nos pasa cos nosos familiares.

Son dignos de confianza os teus amigos? Decepcionouche alguén no que confiabas?

2. XULGAR: Tomé coas súas dúbidas dinos que Cristo vive

- No evanxeo de hoxe, tras a morte de Xesús os discípulos estaban encerrados por medo aos xudeus, só faltaba Tomé. Xesús aparecéuselles a todos eles, pero Tomé non creu o seu testemuño e dicía: "***Se non vexo nas súas mans o sinal dos cravos, se non meto o dedo no buraco dos cravos e non meto a man no seu costado, non o creo".*** Logo Xesús aparecéuselle a Tomas e díxolle: ***" Trae o teu dedo, aquí tes as miñas mans; trae a túa man e métea no meu costado; e non sexas incrédulo, senón crente".*** Tomé contestou: *"Meu Señor e meu Deus!*

San Tomé, ver para crer, película: https://youtu.be/ULPCtMcDmfw

QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

- Cada domingo reunímonos os cristiáns porque Cristo Resucitado faise presente no medio de nós. O domingo é a **festa da comunidade** que se reúne con Xesús. Cada domingo alimentamos e fortalecemos a nosa fe, sos perderiámola.
- Neste domingo **é Tomé o que nos anuncia que Cristo VIVE**, non se fía do testemuño dos seus compañeiros e pensa que se non o vexo non o creo, se non toco os seus buracos... Un pouco parecido a nós que estamos uns pouco cegos e temos dúbidas, cústanos crer, Que cres que fariamos nós no seu lugar?
- **A fe é crer** en Xesús, é fiarnos del, aprender a verlle cos ollos do corazón, descubrirlle presente na nosa vida e aínda que haxa dificultades responder como Tomé: *"Meu Señor e meu Deus",* ou sexa, creo, confío. Tomé, a pesar das dúbidas, afirma que vive.
- Pero non esquezamos que necesitamos a comunidade, **nela formámonos** (catequese), **celebramos a fe** (liturxia) e **transformamos o mundo** (Cáritas)… Sen comunidade, sen grupo de fe, cansámonos e deixámolo… Tomé recuperou a fe grazas á comunidade. "Non me creo", Verbo Divino 2014, reflexión: https://youtu.be/UltF0BhNji8

Cando todo empeza de novo, V. D. 2026, reflexión: https://youtu.be/PRY05DYEzL0

Que nota lle darías á túa fe? Por que? Como a fortalecer?

3. ACTUAR: Anuncia que Cristo vive

- **Sé puntual ás celebracións:** prepárate para o encontro con Xesús, ofrécete para que sexan máis participados os actos, pon toda a alma.
- Celebra a túa fe en comunidade: esta non é "a túa misa" senón que celebramos algo común, non todos fan todo, pero todos participamos como unha sinfonía. - **Anuncia** "*vimos o Señor"* e **reza** polos que como Tomé están ausentes da reunión da comunidade e perden a fe.

-No silencio da consagración di como Tomé: *"Meu Señor e meu Deus".* ***Que imos facer?***

Pola fe, Verónica Sanfilippo, canción: https://youtu.be/jzHXGdzO7QU